

EDICIÓNS DO DRAGÓN: ARTESANÍA POÉTICA

As Edicións do Dragón nacen, en Muros, arredor de 1989 froito dunha iniciativa de Cristina Trigo e Francisco Souto que pretendían crear unha edición cooperativa, responsable e dinámica. Neste proxecto cooperativo integraríanse vintese autores que aportarían tamén os fondos económicos para a edición. Foi a precariedade de medios a que determinou a reunión dos textos manuscritos en carpetas de cartón pedra feitas e carimbadas, artesanalmente, a man. Isto permitiríalles, ademais, respeitar uns criterios editoriais que Poden resumirse nos seguintes puntos:

1. Dar acceso á publicación ós novos poetas.
2. Incluír nos textos toda a personalidade do seu autor por medio da edición dos poemas manuscritos e asinados.
3. Facer unha coidada selección do material gráfico buscando técnicas baratas -desde a fotocopia ó gravado ou linoleo- que permitan respeitar todo o valor do deseño e non encarezan moito a edición.
4. Buscar un medio de impresión que non hipoteque a saída das carpetas e permita fixarlles un prezo asequible. A tirada, normalmente, limítase a 200 exemplares numerados a man.

A comezos de 1989 sae á luz a primeira destas carpetas: *Ao mar de adentro*, que recolle un texto poético de cada un dos vintese autores que asumen a edición cooperativa do selo: Iolanda Aldrei, M. Alguem, Francisco Alonso, Miguel Areas, Gabriel Beceiro, Lino Braxe, Ángel Brea, Adriana Castro, Helena de Carlos, Manuel Fiuza, Quico Lago, Rita Lázare, Emilio Luma, Pedro Milham Casteleiro, Chus Nogueira, J. Mário Novais, João Padrão, X. Lois Paz, Gabriel Penabade, Xoán C. Pereira, Laura Quintillán, H. Rabunhal, Francisco Souto, Xurxo Souto, Cristina Trigo, Miro Villar e Rafa Villar. Na parte gráfica colaboran cos seus deseños Kukas e Sabela Vázquez, e mesmo chegan a incluír un fragmento dunha partitura musical de Laura Quintillán.

Malia o «éxito» deste primeiro cartapacio, con máis de setenta exemplares vendidos e a presenza da prensa e a televisión no acto de presentación no café Rúa Nova de Compostela, o proxecto esmoreceu ata que, no ano 1991, Francisco Alonso, Miro Villar e Francisco Souto deciden retomalo. A pesar de non contar cunha infraestrutura que os respalde -económica, persoal, etc.-, o selo mantense ata hoxe cada vez máis consolidado.

A finais do 1991 editan *A rota dos baleeiros*, carpeta colectiva de Francisco Alonso, Francisco Souto e Miro Villar - que inclúe agrupados en tres partes -"Cada tres meses e un día", "Morte de ser cidade" e "A nudez do carambelo", respectivamente- dez poemas de cada un deles e varias fotografías do embarrancamento do Casón,

xunto cun prólogo e algúns debuxos de Alfredo López "Tokio" quen os identifica cos baleeiros xa que

ao igual que os baleeiros esculcaban o mar en busca da grande vida
dende as atalaias, dende o picouto da sensibilidade algunhas
persoas buscan no horizonte dos seus mares internos o
camiño da grande balea.

Soamente cando uns cantos buscadores se xuntan
tentando un camiño crean a rota, a rota dos baleeiros.

Rota que neste caso vai marcada por tres ronseis cun
destino incerto, mais en todo caso, prometedor.

No 1993 sae do prelo *Oito e médio*, cartapacio onde se combinan os poemas de oito autoras -Iolanda Aldrei, Rita Carvalho, Marta Dacosta, Carme Lobón, Chus Nogueira, Chus Pato, Ana Romaní e Isolda Santiago- cos deseños das gravadoras bascas Reyes de Domingo, Maite Gornoetxea, Rosa M^a Lema, Amaia Martiartu, Maite Martínez, Eva Mendia, Merche Navaridas, Alasne Odriozola, Irantzu Olabarrieta, Ana del Palacio, Carmen Palomero, Susana Sodre, Amaia Tarrío, Kontxen Vicente e da galega Ana Barros, á súa vez coordinadora do apartado gráfico. Os propios editores, no prólogo, asumen con esta obra a consolidación das Edicións do Dragón:

Con *Oito e médio* produce-se a decisiva consolidazón do selo
afondando nos elementos caracterizadores: aportazón de
novas voces, textos autógrafos que se, ás veces, dificultan a
leitura, confiren-lle ao poema toda a súa personalidade e
dimensión plástica, coidada selección do material gráfico,
prezos asequíveis mas que garantan a permanencia da
edición, independencia institucional.

No 1994 sae a, de momento, última carpeta -*Dous bocetos*- con obra de Francisco Souto e Adriana Castro, ilustrada na portada por Fernando Riveiro de forma que cada unha das duascenas carpetas que se tiran ten un deseño orixinal e único. O cartapacio está conformado polos "bocetos" de dúas futuras obras dos autores, itinerarios gráficos do traballo poético que "engadem ao posíbel valor da palabra inacabada aquel outro do desenho conceptual que implica a visom obxectiva, forte e desgarrada, da páxina" como expresan no prólogo.

As Edicións do Dragón móvense na axitación persoal, na complicidade amiga, respectando o obxectivo de facer carpetas de elevado valor literario e plástico, a prezos moi asequibles, case de custo. Isto, impídelles facer fronte ós gastos normais de distribución no mercado, valores que tampouco queren asumir, mais non lles resta difusión ós cartapacios como o demostra o feito de que todos eles están esgotados. A mesma sorte lles desexamos nos proxectos inmediatos do selo dos que temos noticia: ese *Bestiario* colectivo no que están a traballar onde se integrarían deseños e textos sobre animais, reais ou imaxinarios, e as varias carpetas de autor que teñen en mente, e que esperamos poder disfrutar pronto.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 662, 23-2-1995, p.26